Datos de contacto do SAT de Teo e Ames

Travesía das Galanas, 67, 1º andar.
Calo. 15866 Teo
atenciontempera@teo.gal
881 023 475
604 014 864

Datos de contacto dos Servizos Sociais

Teo
servizossociais@teo.gal
981 809 707

Ames
atenciontempera@concellodeames.gal
649 450 264

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA

CONCELLO DE TEO

Concello de AMES

Servizo de atención temperá

Servizo de atención temperá

Que é o SAT?

Servizo municipal que busca darlle resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os **nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos**, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

A quen vai dirixido?

O SAT está dirixido á poboación infantil de Teo e Ames de 0 a 6 anos, á súa familia e ao seu contorno.

Que atención se proporciona?

Un equipo profesional con capacitación específica para a atención ás necesidades deste grupo poboacional pertencente a tres disciplinas: Psicoloxía, Logopedia e Terapia Ocupacional intervén dende a globalidade e o estudo individualizado de cada caso.

O xogo é a principal ferramenta de traballo, as crianzas aprenden mentres xogan e xogando aprenden a aprender.

Como se accede?

O SAT constitúe unha extensión das atencións prestadas polos servizos sociais municipais, se ben **o acceso a este require a prescrición da atención polos servizos de pediatría** comunitaria ou hospitalaria. O equipo do servizo está a disposición de particulares, entidades e profesionais para a orientación ante calquera necesidade de información sobre as súas opcións de intervención.